



CERTIFICADO DE INTERRUPCIÓN DO SERVIZO

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Amtega, como responsable da operación e administración tecnolóxica da sede electrónica da Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

- Que o 21 de marzo de 2022 entre as 02:57 h e as 09:25 h produciuse unha incidencia técnica non planificada que provocou unha indispoñibilidade xeral na sede electrónica da Xunta de Galicia que impediu a presentación electrónica de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos no rexistro electrónico xeral.

De acordo co establecido no artigo 3 no Decreto 25/2020, do 13 de febreiro de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se regula a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos, no caso de determinadas incidencias técnicas que imposibiliten o funcionamento ordinario da sede electrónica da Xunta de Galicia, os prazos de vencemento para a presentación de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos que finalizaran o 21 de marzo de 2022 ampliaranse automaticamente vinte catro horas hábiles, contadas a partir da súa finalización.

Aos efectos do indicado no parágrafo anterior, e sen prexuízo da existencia doutros posibles casos, faise constar que segundo figura na Guía de procedementos e Servizos, regulada no artigo 5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e publicada na sede electrónica, o 21 de marzo de 2022 era o día de vencemento do prazo de presentación dos seguintes procedementos e servizos:

Código	Procedemento
ED305F	Realización de actividades de formación do profesorado no estranxeiro.
ED550B	Admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.

Santiago de Compostela

Xefa do Departamento de Interoperabilidade e Servizos Dixitais

